

## O Concello de Oroso ofrece unha oferta educativa de calidade e a todos os niveis

O Concello de Oroso traballa para ofrecer aos seus veciños e veciñas unha oferta educativa de calidade e para todos os niveis. No ámbito escolar, o Concello e os directores dos distintos centros educativos ultiman estas semanas a creación do **Consello Escolar Municipal de Oroso**, que será o instrumento máis alto de participación da comunidade educativa orosá. Este órgano integrará a todos os sectores sociais implicados na función educativa (pais, profesores, alumnos, concello...) e servirá para solucionar calquera problema do sistema educativo. A concelleira de Ensino, Beatriz Rodeiro, di que "nestes momentos estamos á espera da proposta das direccións dos centros educativos para proceder á conformación do Consello Escolar Municipal".

Ademais, durante o curso o Concello colabora cos distintos centros educativos organizando diversas actividades. Algunhas delas son anuais,



Actividades de formación nos centros educativos, no local de maiores e na Aula EducaOroso

como o **Programa Alei-da**, de prevención da exclusión social nos mozos; outras duran varias semanas, como os **Talleres de Educación en Igualdade**, que teñen lugar en novembro coincidindo co 25-N; "**A Terra das emocións**", un obradoiro para que os nenos aprendan a controlar as súas emocións; ou o **Programa de Educación Viaria** no que participan os meniños da gardería para coñecer os sinais de tráfico.

Para as familias, o Concello conta con iniciativas anuais como a **Escola de**

**Pais e Nais**, unha iniciativa gratuíta e mensual no CRA de Oroso onde as familias comparten experiencias sobre a educación dos seus fillos; e iniciativas puntuais como as **charlas informativas** que se celebran na gardería da Ulloa ou os **Encontros de familias de afectados por Asperger**, que se suman a clásicos como os **Martes Saudables**, dirixidos especialmente á terceira idade.

Ademais, o Concello conta coa **Aula de Formación de Adultos EDUCAOROSO**, na que

se imparten ensinanzas básicas dos niveis I e II. Nivel I ou de alfabetización, así como cursos de preparación da ESO para adultos. A maiores, Oroso conta cunha **Aula Mentor** que ofrece uns 150 cursos para adultos, online e que dan dereito a un certificado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Se queres máis información sobre a oferta educativa para adultos en Oroso, podes informarte na Aula Mentor (rúa do Deporte, 9) ou na web [www.concellooroso.com](http://www.concellooroso.com).



Descarga a APP no teu móbil dende [www.concellooroso.com](http://www.concellooroso.com),  
 envíanos as incidencias que vexas e resolverémolas o máis axiña posible





## Convocado o I Certame de Traballos de Investigación do Camiño Inglés



Presentación do CEICI na facultade de Historia

O Concello de Oroso convoca a primeira edición do **Certame de Traballos de Investigación do Camiño Inglés**, que está aberto a calquera persoa que desexe participar, sempre que a súa obra se refira a calquera faceta do Camiño Inglés tanto en Galicia como noutras partes. Os traballos deben ser orixinais e inéditos, e poden entregarse en galego, castelán ou inglés. Hai tres categorías: investigadores, peregrinos maiores de 18 anos e mozos/as menores de 18 anos. Os traballos poden presentarse en soporte papel no centro cultural de Sigüeiro ou enviarse ao mail [cultura@concellooroso.com](mailto:cultura@concellooroso.com) antes do 31 de marzo de 2016 (máis información: [www.concellooroso.com](http://www.concellooroso.com)). Por outra banda, o alcalde Manuel Mirás e o concelleiro de Cultura, Luís Rey, reuníronse co secretario da Facultade de Xeografía e Historia da USC para presentarlle tanto este certame como o recién creado Centro de Estudos e Investigación do Camiño Inglés (CEICI).



## O Concello ofrece varias alternativas de conciliación para as vacacións de Entroido

Ademais do programa de Entroido que che presentamos en xaneiro (co Concurso de Disfraces do 6 de febreiro como gran cita), o Concello programou dúas iniciativas de conciliación familiar para as vacacións escolares de entroido: 8 e 10 de febreiro. A primeira é o **Carnival Camp**, dirixido a nenos/as de 3 a 12 anos en horario de 9:00 a 14:00 horas e cun prezo de 12 euros (tamén hai posibilidade doutros horarios e tarifas). A segunda son dous obradoiros gratuitos: fondant de Entroido e filloas. Máis información no centro cultural ou no 981 690 903.



## O Centro Cultural de Sigüeiro acollerá o primeiro dos "Encontros co Alcalde" de 2016

O Concello retoma os "Encontros co alcalde", unha iniciativa aberta a toda a veciñanza "para achegarse dun xeito máis directo aos veciños e responder ás súas preguntas e inquiredanzas", explica o alcalde Manuel Mirás. O primeiro encontro deste ano está enfocado aos nosos maiores e terá lugar o xoves 4 de febreiro, ás 19:00 horas, no centro cultural de Sigüeiro. Tras unha breve intervención do alcalde, serán os asistentes quen tomen a palabra para resolver as súas dúbidas ou planxear as súas peticións directamente ao alcalde.







A moción foi aprobada por unanimidade

## Oroso esíxelle a Fomento que remate xa as obras do enlace sur da AP-9



O Pleno Municipal de Oroso acordou por unanimidade instar ao Ministerio de Fomento a solucionar dunha vez por todas os problemas burocráticos que motivaron a paralización das obras de construción do enlace sur da AP-9 dende o pasado mes de outubro, que proceda a construír de forma inmediata a ponte sobre a N-550 para que os vehículos procedentes de Santiago poidan saír en Sigüeiro e a rematar as obras do enlace, dando solución aos problemas de seguridade viaria existentes na zona e poñendo fin a meses de molestias inxustificadas para os veciños da zona.

O acordo prodúcese a raíz dunha moción do grupo socialista, cuxo voceiro, Antonio Leira, denunciou que “a pesar dos intentos de negar a realidade tanto do PP de Oroso como da propia ministra de Fomento, que mesmo se comprometeu a que as obras estarían rematadas a finais de novembro de 2015, o certo é que dende outubro as obras permanecen paralizadas por cuestións burocráticas do Ministerio de Fomento e as máquinas xa hai semanas que abandonaron a zona”. O voceiro do BNG, Xosé M. Pérez, apoiou “unha reivindicación xusta” para unha obra “que debería estar feita hai moito tempo”; ao igual que o voceiro de Anova, Manuel Siverio Mirás, quen dixo que “a obra está parada porque Rajoy non lles paga ás empresas”. Pola súa banda, o voceiro do PP, Alexánder Doval, anunciou o voto favorable do seu grupo “a pesar de non estar de acordo coa introdución da moción” e recoñecer que “nós dixemos o que nos dixo a delegada de Fomento en Galicia. En xaneiro ou en decembro, ao ver que estaban paradas, vin que a delegada non me dixo a verdade. Poden crerme ou non. Agora non me colle o teléfono nin me contesta ao e-mail”. O alcalde Manuel Mirás pechou o debate lamentando que o PP tardara máis de tres meses “en recoñecer que as obras estaban paradas. Iso demostra que non lles preocupa o dano que lles causan esas obras aos veciños, que levan un ano sufrindo esas molestias”.



## Homenaxe a un gran deportista: I Memorial Fernando Abad

O Club Ciclista Tambre Bike e o Concello de Oroso están preparando o I Memorial Fernando Abad, que pretende ser unha pequena homenaxe ao presidente deste club, tristemente falecido hai uns meses. A proba terá lugar o sábado 27 de febreiro, ás 16:00 horas, e constará dun percorrido que transcorre integramente por un circuíto periurbano de Sigüeiro, sobre asfalto, duns 5,4 quilómetros (ao que os ciclistas darán unhas 12 voltas).

O I Memorial Fernando Abad está dirixido a ciclistas da categoría Máster (30, 40, 50-60), que poderán inscribirse no lugar da saída o mesmo día da carreira (concretamente entre as 14:30 e as 16:00 horas na rúa da Cultura). Os primeiros tres ciclistas en chegar á meta recibirán os seus correspondentes premios. O primeiro premio volverá a ser unha motoserra de primeira calidade, xentileza dun dos patrocinadores do Club Ciclista Tambre Bike.



**FOI NOTICIA...**

## A Vía Verde recibe un novo impulso

As novas corporacións de Santiago e Ordes veñen de sumarse ao proxecto da **Vía Verde**, impulsado polo alcalde de Oroso, Manuel Mirás. Trátase dunha iniciativa para poñer en valor os 24 kms do antigo camiño de ferro entre Compostela e Ordes, que se podería percorrer a pé ou en bici. Tras unha primeira reunión de Mirás co alcalde compostelán Martiño Noriega, o pasado mes de xaneiro se retomou o proxecto nun encontro cos concelleiros de Medio Ambiente de Santiago e Ordes, Xan Duro e Ana M<sup>a</sup> Soneira. Mirás comprometeuse a levar a iniciativa nas conversas co ADIF, posto que foi Oroso quen impulsou o proxecto no seu comezo. Pola súa banda, o Goberno compostelán farase cargo das negociacións coa Xunta e coa Deputación. Ademais, acordouse revisar o orzamento inicial, fixado en 1,7 millóns.



Ana María Soneira, Xan Duro e Manuel Mirás



O primeiro gran temporal do inverno trouxo crecidas de ríos, cortes de estradas, inundacións... O alcalde Manuel Mirás agradece e valora o traballo dos membros de Protección Civil, da brigada municipal de Obras, a Policía Local e dos funcionarios municipais para normalizar a situación canto antes.



O centro cultural Sigüeiro acolleu ata o 28 de xaneiro a exposición "Mistur-arte", de **María José Rodríguez**. Unha mostra que recolle unha selección de pinturas de María José Rodríguez e que aúna as súas dúas grandes paixóns: o gusto pola ensinanza e a súa inquietude artística.



Un milleiro de persoas visitou a exposición de fotografías de **Victorino Vereá**, durante os meses de decembro e xaneiro. Unha mostra cuxo catálogo, do que se editaron 500 exemplares, agotouse na primeira semana e xa está presente en todos os museos de arte contemporáneo de Galicia.

**Axenda: Febreiro**

**2** - Martes Saudables: "A saúde na mesa". Local da Terceira Idade. 17:00 h.  
- Fin do prazo de entrega do Concurso de Máscaras

**3** - Fin do prazo de entrega do Concurso de Receitas de Entroido "En galego sabe mellor"

**4** - "Encontro do alcalde dos maiores". Centro cultural de Sigüeiro. 19:00 h.

**5** - Festival do CRA. Centro cultural  
- Concerto Combos da Aula de Música. Centro cultural, 20:00 h.

**6** - Concurso de Disfraces. Saída do desfile ás 18:00 h. do pavillón de deportes e percorrido polas rúas de Sigüeiro.

**8** - Festa de Disfraces. Centro cultural, ás 19:00 h.  
- Carnival Camp.  
- Obradoiro reposteiro de mini-tortas de Fondant de Entroido. Gratuito. Centro cultural, ás 10h.

**10** - Obradoiro de Filloas. 11:00 h. Centro cultural.  
- Carnival Camp

**12** - Presentación do libro "Juan Rof Codina", de Diego Conde Gómez. Centro Cultural, ás 20:30 h.

**13** - Contacontos "Na procura de tesouros". Biblioteca municipal, ás 11:00 h.

**19** - "En busca do libro perdido". Biblioteca municipal, ás 18:00 h.

**20** - Contacontos "Na procura de tesouros". Biblioteca municipal, ás 11:00 h.

**26** - "A Rebotica dos contos". Biblioteca municipal, ás 18:00 h.

**27** - Contacontos "Na procura de tesouros". Biblioteca municipal, ás 11:00 h.  
- I Memorial Fernando Abad. Sigüeiro, ás 16:00 h.  
- Baile de maiores, coa actuación do "Dúo Chanel". Centro cultural a partir das 19:30 h.

**e en marzo...**

**8** DÍA DA MULLER